



BOP

MÉRCORES, 3 DE FEBREIRO DE 2021

N.º 027

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Hipólito Sanjurjo Balseiro solicita de Augas de Galicia a autorización das obras de reparación dun peche en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.72270

As obras solicitadas consisten na reparación do peche nunha parte da finca con referencia catastral 27038A021001510000AQ, na zona de policía dun rego innominado, no lugar da Garita, na parroquia de Bravos, no concello de Oural (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Oural ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 27 de xaneiro de 2021.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0209

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello de Barreiros solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.69699

As obras solicitadas consisten na construción dunha obra de paso mediante marco prefabricado e desvío do rego do Pozo Negro no predio con referencia catastral 27005A030001600000UU; sobre o leito de dominio público e na zona de policía de leitos do rego do Pozo Negro; no lugar do Forcón, na parroquia de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 27 de xaneiro de 2021.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0210

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 18 de xaneiro de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública dunha instalación eléctrica no concello do Incio (exp. 2019/64 AT)

Para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro) e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE núm. 310, do 27 de decembro) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública, en concreto, da seguinte instalación eléctrica.

Denominación: CT, LMTS, RBTS R/ Camiño Fonte

Solicitante: UFD Distribución Electricidad SA

Domicilio social: Avda Arteixo, 171, 15008 A Coruña

Características técnicas principais:

- Centro de transformación compacto con envolvente de manobra exterior, de 160 kVA de potencia, e relación de transformación de 20.000/400 V en substitución do CT Cruz do Incio existente que será desmontado.

- Liña de media tensión soterrada a 20 kV, cunha lonxitude de 72 m., con orixe en P.A.S. C- 16/2000-H35-CAIII proxectado, condutor tipo RHZ1 e final en C.T. proxectado. Realizarase tamén o

retensado do condutor LA-30, dende o apoio proxectado ata o anterior da liña TTL813 existente e o desmantelamento da liña aérea existente.

- Liña de baixa tensión soterrada, cunha lonxitude de 352 m., con orixe en C.T. proxectado, condutor tipo XZ1 e final en rede BT aérea existente.

- Liña de baixa tensión aérea, cunha lonxitude de 20 m., con orixe en empalmes P.A.S. proxectados, condutor tipo RZ e final en rede aérea de baixa tensión.

A declaración de utilidade pública, segundo o sinalado no artigo 56 da citada lei 24/2013, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (BOE núm. 351, de 17 de decembro)

A relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados que se consideran de necesaria ocupación, figuran no anexo que se insire xunto con esta resolución.

Aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial (edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70) referidas ás posibles limitacións á constitución da servidume de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real decreto 1955/2000) e aquelas outras que estimen oportunas no prazo de **vinete días** hábiles a contar dende o día seguinte ao da última publicación ou ao da notificación individual.

Durante este prazo poderase examinar o proxecto das instalacións nesta xefatura territorial de luns a venres entre as nove da mañá e as dúas da tarde.

Ata o mesmo momento do levantamento das actas previas, os interesados poderán facer alegacións por escrito aos únicos efectos de corrixir posibles erros que se atopen ao relacionar os bens e dereitos afectados segundo dispón o artigo 56.2 do Regulamento da lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160 do 27 de xuño)

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, do 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 18 de xaneiro de 2021.- Xefa territorial de Lugo, Pilar Fernández López.

R. 0211

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 22/01/2021, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de decembro do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 22/03/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 27 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez,

R. 0214

CERVANTES

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2021

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o 2021 e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste Concello, as Bases de Execución e o cadro de persoal funcionario e laboral, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	1.100.778,00 €
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	695.420,00 €
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	399.355,00 €
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	1.500,00 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	4.503,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	320.123,00€
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	270.123,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	50.000,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	1.420.901,00 €
ESTADO DE INGRESOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	1.206.761,00€
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	235.859,00 €
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	7.001,00€
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	102.890,00 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	860.960,00 €
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	51,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	214.140,00 €
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	1,00€
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	214.139,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	1.420.901,00 €

CADRO DE PERSOAL

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación praza	Grupo	N.º Prazas	Nivel	Situación
1.HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL				
1.1 Secretario-Interventor	A1/A2	1	26	Vacante (comisión servizos)
2.ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL				
2.1 Subescala Auxiliar Administrativo	C2	2	18	1 ocupada, 1 vacante (cobertura interina)

3. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
3.1 Subescala Técnica: Arquitecto/a	A1	1	24	Vacante

B) PERSOAL LABORAL FIXO: NINGÚN

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación praza	Nº. postos
Traballadora Social	1
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1
Auxiliar Axuda no Fogar	29
Peón (Fomento do emprego Plan único 2020)	1
Tractorista (Fomento do emprego Plan único 2020)	1
Limpador/a (Fomento do emprego Plan único 2020)	1
Auxiliar Administrativo (Fomento do emprego Plan único 2020)	1
Conductor camión recollida lixo	1
Peón camión recollida lixo	1
Limpiadoras edificios municipais	2

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas nos artigos 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Cervantes, 28 de xaneiro de 2021.- O alcalde, Benigno Gómez Tadin.

R. 0223

FOZ

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial de data 26 de novembro de 2020, aprobatorio do **REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE RECOLLIDA E PROTECCIÓN DE ANIMAIS DO CONCELLO DE FOZ**, cuxo texto íntegro faise público para o seu xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE RECOLLIDA E PROTECCIÓN DE ANIMAIS DO CONCELLO DE FOZ

TÍTULO I Instalacións

Artigo 1.-Instalación.-

Artigo 2.-Responsabilidade.-

Artigo 3.-Deterioro.-

TÍTULO II Funcións do Concello de Foz como titular e máximo responsable na súa xestión

Artigo 4.-Control.-

TÍTULO III Condicións de mantemento do Centro de Recollida e Protección de Animais propiedade do Concello de Foz

Artigo 5.-Contido normativo polo que se rexe.-

Artigo 6.-Condicións de xestión.-

Artigo 7.-Horarios.-

TITULO IV Xestión do centro de recollida e protección de animais

Capítulo 1 Normas para a entrada de animais

Artigo 8.-Recollida de animais.-

Artigo 9.-Recollidade animais a instancia de parte.-

Artigo 10.-Abandonos.-

Artigo 11.-Protocolo de actuación para a entrada dun animal.-

Capítulo 2 Normas para a saída de animais

Artigo 12.-Adopción.-

Artigo 13.-Xestión da adopción.-

Artigo 14.-Devolución.-

Artigo 15.-Acollida temporal de animais domésticos.-

Artigo 16.-Extravíos.-

TÍTULO V Sancións

Artigo 17.-Réxime sancionador.-

Disposición final

Primeira.-Habilitacións para o desenvolvemento regulamentario e adecuación do Regulamento.-

Segunda.-Entrada en vigor.-

É obxecto do presente Regulamento ordenar as formas de actuación a levar para o bo funcionamento do Centro de Recollida e Protección de Animal do Concello de Foz. O Centro de Recollida e Protección de Animais é de propiedade municipal existindo a posibilidade de realizar a súa xestión xa sexa de maneira directa por este Concello de Foz ou a súa xestión a unha empresa externa ou asociación protectora de animais conforme ao establecido na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

O Centro de Recollida e Protección de Animais carece dun Regulamento que regule o funcionamento do servizo de recollida de animais domésticos que fosen abandonados no termo municipal de Foz, sendo necesario adaptar a súa xestión á existencia de casos aos requisitos normativos aprobados.

Este documento adaptase á Lei en vigor, Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, pendente a futura aprobación do regulamento de desenvolvemento da citada normativa autonómica.

Este Regulamento adaptase ás Leis para as distintas definicións dos animais presentes no Centro de Recollida e Protección de Animais á hora de definir os prazos existentes para cada un deles.

TÍTULO I

Instalacións

Artigo 1.- Instalación.-

1.Os terreos e instalacións do Centro de Recollida e Protección de Animais son propiedade do Concello de Foz e están situados en Escanlar, s/n, parroquia de Vilaronte, sendo o obxecto do presente Regulamento, a formulación dun conxunto de normas encamiñadas á planificación dos servizos e actividades a desenvolver dentro do centro de titularidade municipal.

2.O servizo e as instalacións afectas ao mesmo son de titularidade municipal, podendo ser xestionado da forma máis sustentable e eficiente de entre as enumeradas no artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local.

O Concello de Foz poderá concertar convenios con asociacións de protección e defensa dos animais ou con outras entidades autorizadas para este fin.

Artigo 2.-Responsabilidade.-

1.A responsabilidade única de ditos terreos e instalacións corresponde ao Concello de Foz.

2.O mantemento en boas condicións do edificio do Centro de Recollida e Protección de Animais corresponde ao Concello de Foz ou á empresa adxudicataria do servizo ou asociación responsable do mesmo segundo se xestione en cada momento, sendo o Concello o encargado de asumir as modificacións estruturais que non se consideren mantemento ordinario.

3. Calquera obra ou modificación das instalacións realizada polo adxudicatario do servizo ou asociación responsable deberá contar co consentimento previo e por escrito de este Concello e quedará en propiedade do mesmo ao remate da adxudicación da xestión.

Artigo 3.-Deterioro.-

1. Calquera anomalía ou deterioro que se produza nas instalacións co que está dotado o Centro de Recollida de Protección de Animais, será comunicado por escrito de forma inmediata ao Concello por parte do responsable adxudicatario do servizo ou asociación responsable o mesmo, xa sexa mediante enderezo electrónico ou chamada telefónica se a urxencia o require, en caso de xestión indirecta ou externa.

2. Si se tratase de xestión directa municipal será o persoal do propio Concello o que realice a supervisión da mesma coa debida dilixencia.

TÍTULO II

Funcións do Concello de Foz como titular e máximo responsable na súa xestión

Artigo 4.-Control.-

O Concello asume a obrigaición de realizar o control das instalacións destinadas ao servizo, supervisando igualmente o propio servizo ofrecido pola adxudicataria no caso de contratación ou ben pola asociación protectora de animais coa que se asine o oportuno Convenio.

TÍTULO III

Condicións de mantemento do Centro de Recollida e Protección de Animais son propiedade do Concello de Foz

Artigo 5.-Contido normativo polo que se rexe.-

Na xestión do servizo, deberase cumprir todas as normativa vixentes, tanto as disposicións recollidas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, como cantos Regulamentos e Disposicións se deriven da mesma ou de calquera outra xa existente que non contradiga as disposicións legais, así como adaptarse ás novas normativas que puideran aparecer dentro dos prazos fixados nestas.

Artigo 6.-Condicións de xestión.-

A través do presente regulamento establécense as seguintes condicións mínimas para o mantemento da instalación e o benestar dos animais:

1. Limpeza diaria dos espazos destinados aos animais, tanto caniles como gateiras.
 2. Desinfección de cada un dos caniles, así coma, das gateiras, cunha periodicidade non superior a 15 días. Durante a desinfección os animais serán trasladados a un canil libre. Na porta do canil, de forma visible, indícarase a persoa e data das desinfeccións realizadas.
 3. No caso de dotar de camas téxtiles para mellorar o estado dos animais, estas deberán ser lavadas e substituídas para evitar infeccións e sucidade, en calquera caso deberán lavarse como mínimo unha vez á semana.
 4. Catro veces no ano realizaranse limpeza con auga a presión en todas as instalacións dos animais.
 5. Todos os animais disporán de auga e comida, no caso de cachorros e femias preñadas, realizarase unha achega de penso específico sendo pautado polo veterinario. A cantidade diaria de penso será especificada polo veterinario atendendo ás necesidades específicas de cada individuo.
 6. Os cidadáns que queiran ver aos animais terán acceso á nave na que os animais están acollidos. Informaráselles que non está permitido fotografar, filmar e alimentar aos animais, para evitar accidentes, instalando carteis informativos a tal efecto.
- A realización de reportaxes fotográficos, elaboración de vídeos e calquera outro soporte publicitario soamente poderán ser utilizados de maneira ordinaria para promover a adopción dos animais albergados, sendo a difusión dos mesmos de características positivas.
7. Os animais capturados ou que deban ser trasladados en vehículo, calquera que sexa o motivo, permanecerán o menor tempo posible no mesmo para evitar problemas de golpe de calor ou estrés nos animais.
 8. Os animais recen chegados ao centro ou ben aqueles que presentan signos de enfermidade infectocontaxiosa serán illados do resto na zona de corentena, onde se lle realizarán as exploracións clínicas e tratamentos pertinentes por parte do servizo veterinario. No caso de requirir maiores coidados pódese trasladar ao animal a un centro hospitalario veterinario para o seu ingreso. Durante estes primeiros días os animais son desparasitados interna e externamente baixo prescrición veterinaria.
 9. O persoal responsable das capturas, na realización das mesmas na vía pública, deberán equiparse con material de protección para previr posibles lesións.

10.Os responsables do centro deberán estar formados e en posesión das titulacións necesarias e indicadas pola normativa, para poder realizar as tarefas coa maior seguridade posible, así como para atender aos animais adecuadamente en funcións das súas características particulares.

11.Existirá un programa de desratización, desinfección e desinsectación, realizada por unha empresa autorizada con periodicidade anual, salvo existencia de pragas en cuxo caso actuarase con urxencia.

12.Os/as coidadores/as do Centro de Recollida e Protección de Animais deberán estar en posesión da licenza para a tenencia de Cans Potencialmente Perigosos.

Artigo 7.-Horarios.-

1.O horario de atención ao público nas instalacións do Centro de Recollida e Protección de Animais será publicado na Web municipal e expostos na porta de acceso ao centro.

2.Estableceranse citas previamente concertadas coas persoas interesadas na adopción dos animais.

TÍTULO IV

Xestión do centro de recollida e protección de animais

Capítulo 1 Normas para a entrada de animais

Artigo 8.-Recollida de animais.-

1.Corresponderá ao concello de Foz recoller os animais que sexan vagabundos ou estean extraviados, debendo contar cun servizo de captura e veterinario para a recollida e atención veterinaria de estes animais, para o cal poderá optar polo emprego de persoal municipal, a contratación do servizo ou ben, formalizar o oportuno convenio cunha asociación protectora de animais.

2.Excepcionalmente, en situacións de emerxencia que puidesen comprometer o benestar dos animais, os cidadáns e cidadás poderán realizar a recollida de modo puntual e desinteresado dun animal vagabundo ou extraviado ata a súa entrega final ou posta ao dispor do centro de recollida autorizado que a autoridade competente determine.

3.O persoal municipal, a adxudicataria do contrato ou ben a asociación responsable do Centro de Recollida e Protección de Animais abandonados do concello de Foz, comunicará cunha periodicidade anual, as datas de entrada e saída de cada animal, a identificación e destino dos mesmos e as incidencias sanitarias significativas dos animais á Consellería competente en materia de protección animal, segundo o procedemento que regulamentariamente se determine.

Artigo 9.-Recollida de animais á instancia de parte.-

1.Poderanse recoller no Centro de Recollida e Protección de Animais de Foz cans e gatos entregados por cidadáns empadroados no municipio, que deberán xustificar con documentación a causa obxectiva a imposibilidade da asunción das obrigacións derivadas da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

2.A documentación aportada valorarase previamente á recollida do animal, polos responsables do Centro de Recollida e Protección de Animais que decidirán a idoneidade da súa entrega.

3.O animal deberá estar identificado, vacunado da rabia e con analítica de enfermidades infecciosas realizadas (leishmaniosis, inmunodeficiencia felina e leucemia felina), para evitar posibles infeccións e brotes no centro, para o cal, o titular deberá aportar, un informe veterinario de data actual, no que se faga constar os extremos referidos así como o bo estado de saúde xeral do mesmo e que o animal non se atope en estado de xestación.

As exixencias anteriores non serán obrigatorias no caso de tratarse de animais entregados por motivos socioeconómicos que virán referendados nun informe emitido polos Servizos Sociais Municipais.

Artigo 10.-Abandonos.-

1.Se o animal recollido se atopase identificado ou tivese persoa propietaria coñecida, o centro de recollida poñerá en coñecemento desta a entrada do animal nas súas instalacións, no prazo de corenta e oito (48) horas desde a súa recollida.

Se transcorridos dous días desde a comunicación á persoa propietaria, esta non procedeu á retirada do animal, o centro comunicarlle que dispón dun prazo máximo de dez días naturais, a contar desde o día seguinte ao da devandita notificación, para a recuperación do animal, previa satisfacción de todos os gastos, incluídos os veterinarios, derivados da súa recollida e estancia no centro, e exhibindo a licenza correspondente no caso de que se tratase dun animal potencialmente perigoso.

2.Transcorrido o prazo máximo de dez días naturais, a contar desde o día seguinte ao da comunicación sen retirarse o animal, este pasará a ter a consideración de animal abandonado, o que habilitará ao servizo para darlle o destino que legalmente proceda.

Neste suposto, o centro de recollida deberá dar traslado dos feitos á Consellería competente en materia de protección animal a efectos da apertura do correspondente expediente sancionador.

3. Se o animal recollido non se atopase identificado e non tivese dona ou dono coñecido, pasará a ter a consideración de animal abandonado. Se transcorridos dez días naturais desde a entrada no centro de recollida non é reclamado pola persoa propietaria, posuidora ou autorizada, previa acreditación da propiedade ou posesión, o centro queda habilitado para darlle o destino que legalmente proceda.

4. Os animais recollidos deberán ser necesariamente identificados, de acordo co artigo 12 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, para poder ser entregados ás persoas propietarias, segundo as obrigacións establecidas para cada especie, facéndose estas cargo dos gastos derivados da devandita actuación.

Artigo 11.-Protocolo de actuación para a entrada dun animal.-

1. Instalarlle nun espazo previamente desinfectado, acorde ás características do animal, nas instalacións preparadas especificamente para corentena.

2. Comprobar si o animal está identificado e procede a formalizar a oportuna anotación no Libro de Rexistro a entrada do animal.

3. Rellenar a ficha do animal:

a) Na que entre outros extremos deberá deixarse constancia do estado físico no que entra o animal, así como, das chamadas que se realicen (data e hora), tanto ao propietario, como ao veterinario si se considerase necesario.

b) Na mesma deberase deixar constancia cada vez que o animal reciba un tratamento veterinario, produto, doses e aplicador.

4. Avisar ao propietario da captura do animal (si está identificado), e informarlle dos trámites necesarios para a súa retirada.

5. No caso de apreciarse signos evidentes de mostras de enfermidade do animal (mal estado xeral, pelo en mal estado, molestia ao andar, ollos en mal estado, diarreas, feridas, calvas, caspas, etc.) debe avisarse ao veterinario para que realice as oportunas comprobacións sanitarias e o correspondente tratamento.

6. Se non se puidese contactar co propietario do animal nos dous primeiros días iniciárase a notificación vía correo certificado.

7. Non poderán realizarse recollidas nin desprazamentos fora do termo de Foz.

Capítulo II Normas para a saída de animais

Artigo 12.-Adopción.-

1. O destino prioritario dos animais domésticos abandonados será a súa adopción. O Concello de Foz e o Centro de Recollida e Protección de Animais poñerán en marcha medidas destinadas ao fomento da adopción responsable destes animais.

2. A adopción debe ser gratuíta, sen prexuízo de que o propio Centro de Recollida e Protección de Animais poida repercutir sobre quen adopte os custos derivados dos tratamentos fornecidos, da identificación e da esterilización, segundo proceda.

3. As persoas físicas que adopten animais de compañía quedarán sometidas ás obrigacións previstas para as persoas propietarias e posuidoras de animais establecidas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Artigo 13.-Xestión da adopción.-

1. A adopción levarase a cabo con todos os tratamentos obrigatorios ao día e previa identificación e esterilización do animal, ou compromiso de esterilización nun prazo determinado, si hai razóns sanitarias que non o fagan aconsellable no momento da adopción.

2. Todos os adóptantes serán informados sobre a lexislación vixente, a tenencia responsable de animais, así como de que os animais adoptados do centro non poderán ser destinados a comercio, cría e calquera outra actividade de carácter lucrativo se non se dispón dos permisos e condicións establecidas legalmente.

3. Non se entregarán animais que padezan enfermidades infecto-contaxiosas ou parasitarias transmisibles ao home ou aos animais, prevalecendo o criterio do veterinario responsable do centro.

4. Para formalizar unha adopción, deberán cumprirse cando menos os seguintes requisitos:

a) Que o animal doméstico a adoptar teña a condición de abandonado, segundo os prazos e condicións establecidos no presente regulamento e na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

b) Que o animal doméstico fose declarado apto para a adopción polo veterinario do centro de recollida no que se atope.

c)Os animais deben ser entregados en adopción identificados, vacinados, desparasitados e esterilizados segundo prescrición do veterinario responsable, co fin de garantir o seu correcto estado hixiénico-sanitario.

Artigo 14.-Devolución.-

Os animais adoptados das instalacións, no caso de non adaptarse ao seu novo fogar, poderán ser entregados de novo ao Centro de Recollida e Protección de Animais nun prazo máximo de un mes, transcorrido o cal deberá existir unha causa obxectiva debidamente xustificada conforme ao previsto no presente regulamento.

Artigo 15.-Acollida temporal de animais domésticos.-

1.Cando non fose posible a adopción ou cando concorresen circunstancias que o aconsellasen, o Centro de Recollida e Protección de Animais do concello de Foz poderá entregar o animal abandonado, en réxime de acollida temporal, a persoas físicas que poidan garantir o coidado, atención e condicións hixiénico-sanitarias que precise, estando condicionada a acollida á devolución inmediata do animal se aparece unha persoa adoptante.

2.A persoa física que acolla temporalmente un animal neste réxime estará obrigada a comunicar ao centro que lle entrega calquera incidencia con respecto ao mesmo.

3.Os domicilios nos que se acollan temporalmente animais de compañía terán a consideración de fogares de acollida.

4.As persoas físicas que acollan temporalmente animais domésticos quedarán sometidas ás obrigacións previstas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, agás as obrigas específicas das persoas propietarias incluídas no artigo 8 de dita Lei que corresponderán ao centro que entrega o animal en acollida temporal.

5.O Centro de Recollida e Protección de Animais do Concello de Foz manterá unha relación actualizada dos fogares de acollida.

Artigo 16.-Extravíos.-

Unha vez ingresado ao animal extraviado no Centro de Recollida e Protección de Animais do concello de Foz, o propietario, ou persoa autorizada por este, deberá recollelo no prazo estipulado no presente regulamento, abonando previamente a totalidade dos gastos causados pola recollida e estancia do animal, presentando a licenza correspondente no caso de tratarse de un animal potencialmente perigoso.

TÍTULO V

Sancións

Artigo 17.-Réxime sancionador.-

No relativo ao réxime sancionador aplicable resultará de aplicación o establecido na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Disposición final

Primeira.- Habilitacións para o desenrolo regulamentario e adecuación do Regulamento.-

1.Facultarase expresamente ao alcalde-presidente do Concello de Foz para ditar as disposicións de desenrolo do presente Regulamento que resulten necesarias para a aclaración e interpretación ou para a súa execución e mellor aplicación, sen que tales facultades comprendan as de modificación da mesma.

2.A promulgación e entrada en vigor con posterioridade á vixencia de este Regulamento de normas con rango superior que afecten a materias reguladas nel determinará a aplicación automática de tales normas, sen prexuízo da posterior adaptación a aquelas do presente Regulamento.

